

O Concello incrementa un 20% o orzamento do programa Axuda no Fogar

## O Goberno local recorda a obriga de eliminar os «plumachos» das fincas privadas

Páxina 17



Concello de  Oleiros

## O Concello mellora as instalacións da aula do mar de Mera

Páxina 4

# Vivir en Oleiros

Número 40  
Xaneiro 2013  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O alcalde de Oleiros durante a defensa da candidatura oleirense na final dos premios The Internacional Awards for Liveable Communities 2012



## Comezan as actividades do programa municipal Ocioleiros

Páxina 18

## Oleiros dinamiza o voluntariado e crea o «banco bo»

Páxina 21

# Oleiros acada recoñecemento internacional

■ O Concello de Oleiros foi recoñecido co diploma de prata na final dos premios The Internacional Awards for Liveable Communities celebrada o pasado mes de novembro na cidade de Al Ain, nos Emiratos Árabes Unidos. O noso municipio presentou dúas candidaturas: «Oleiros, un lugar para vivir» e «Un novo veciño, unha nova árbore». Ambas as dúas foron seleccionadas para a final e recoñecidas co galardón de prata, a segunda máxima distinción outorgada pola organización.

Páxina 12

## Regresa ás rúas do municipio o Roteiro cultural e literario

Páxina 20

## Listos os orzamentos municipais para 2013

O Goberno municipal elaborou os orzamentos para o exercicio 2013. A previsión de aprobación definitiva deste documento está prevista para este mes de xaneiro co obxectivo de que a actividade municipal non se paralice, principalmente o que se refire aos servizos e ás actividades de carácter social, cultural e deportivo.

Páxina 13

Como saber onde está todo en **Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 23



## Alternativa dos Veciños

# Un orzamento realista para manter a calidade de vida

O grupo de Goberno de Alternativa dos Veciños, presentou o orzamento para o ano 2013. Recóllense neste documento as partidas correspondentes a cada área que rexerán a vida pública dos veciños de Oleiros durante o vindeiro ano.

A pesar da situación que está a vivir o país e dunha forte diminución dos ingresos, tanto públicos por parte do goberno do Estado, Xunta e Deputación, como privados coa minoración de licenzas e de taxas, entre outros, desde a Alternativa dos Veciños, seguiremos a manter o noso apoio ao movemento so-

cial, cultural e deportivo do concello. Seguiremos priorizando a conservación dos moitos servizos e infraestruturas creados ao longo dos últimos anos e que xa forman parte dos sinais de identidade e de calidade de Oleiros.

A contención do gasto afectará especialmente ao investimento en novas obras que deberán agardar mellores tempos pero non vai impedir que levemos a cabo importantes melloras que, aínda sendo de menor envergadura, terán un importe de máis de tres millóns de euros.

Desde o goberno municipal es-

tamos a preparar tamén o desenvolvemento de áreas urbanas, recollidas no plan xeral, coas que se promoverán, a corto prazo, novos investimentos e promoción de emprego, grazas ás obras de urbanización destas que ademais dotarán de novos equipamentos e servizos, as localidades nas que se desenvolvan.

Orzamentos realistas e equilibrados que manteñen a calidade de vida que entre todos acadamos para Oleiros.

Por iso, é abraiante observar como aqueles que malgastaron os recursos do país nos gobernos

do estado, das autonomías e dos concellos levando á ruína económica e ao paro a milleiros de familias con grande incerteza sobre o futuro que lles agarda, estean hoxe a criticar destrutivamente pretendendo dar leccións maxistras sobre como se debe xestionar a Administración pública.

Estamos a referirnos, principalmente, aos "sabios do PSOE e do PP", eses que teñen no seu haber as maiores taxas de ineptos, vividores do alleo, incompetentes, falcatruáns e saqueadores das arcas públicas.

## Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros



# Mas impuestos, mas gastos y menos servicios

La situación de crisis por la que atravesamos no es nada nuevo. Las mentiras del Alcalde sobre la situación de Oleiros, tampoco. Afirma en los medios de comunicación que aguantamos mejor que el resto de ayuntamientos la crisis, pero sus actuaciones dicen lo contrario.

En el último año se han subido todos los impues-

tos y tasas municipales, e incluso se han creado otras nuevas, como la ORA o la del saneamiento del agua, que supondrá un nuevo incremento en el recibo, junto al 13% que ha subido en el último año. Se reducen servicios básicos, como los socorristas en verano, mientras el goberno municipal sigue dilapidando medio millón de euros al año en

mantener a sus once concejales y a los cargos de confianza.

Además, el Alcalde reconoció hace un par de meses, que el año que viene no se harían inversiones en el Ayuntamiento. Sin embargo, en otros municipios se congelan las tasas e impuestos, o no se aplican las subidas del IPC a los servicios; Ar-

teixo, ha liquidado toda su deuda, e invierte 5 veces más que Oleiros en obra pública.

Ni el campo de golf, ni las 6 nuevas promociones que están en marcha, van a solucionar los problemas. El ladrillo no tiene futuro en Oleiros, y hay que cambiar de rumbo, antes de que Alternativa nos hunda sin remedio.

## Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros



# O goberno debe apertarse o cinto e priorizar o gasto social

A maioría absoluta de A.VV. está a provocar o maior fracaso de xestión. Agora xa non vale achacar á oposición a paralización de ningunha actuación. Con meses de retraso, xa rematando o ano, o goberno municipal nin presentou aínda os presupostos.

Durante anos os socialistas apoiamos en Oleiros as actuacións máis importantes e das que nos sentimos orgullosos: escolas de danza e música, parques infantís, poli-

deportivas, estradas, depuradoras, piscinas. Aquel Plan E tan denostado mellorou as nosas vidas. O PSdeG-PSOE contribuíu tamén á aprobación do PXOM, e impulsou a Vía Ártabra e evitou o despilfarro dun Gaiás en Bastiagueiro, un macro auditorio que faría tambalear a economía municipal.

As actuais maiorías absolutas de A.VV. acá e do PP alá e máis alá, soben os impostos e as taxas. Castigan as familias cunha

presión fiscal elevada mentres o goberno non se aperta o cinto. Subíronnos o IBI un 10% para os 10 anos próximos, a auga máis dun 18%, e a evacuación e depuración nun 100%,... sen que iso impulse novos proxectos. Están paralizadas a Vía Ártabra, a N-VI, o vial ao porto de Lorbé, pechadas as naves do Viveiro de Empresas de Iñás, e xa remataron varias ligas sen cumprir as promesas dos campos de fútbol previstos para o Dorneda e o Marino Mera. As axudas

sociais a traballadores tamén foron recortadas en Oleiros, pois malia o aforro de máis de 500.000 euros na paga extra dos traballadores municipais, o goberno local argumenta que non chega o diñeiro.

Coa maioría absoluta Oleiros está paralizado. A oposición xa non pode ser a culpable. Cando remate o mandato o alcalde dirá que a culpa é do CHA, CHA, CHA. Ou do inimigo exterior, porque aquí somos singulares.



## Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

# Hortas urbanas comunitarias en Oleiros, por que non?

Unha das propostas que o BNG ten no seu programa electoral municipal no Concello de Oleiros é a promoción das hortas urbanas e comunitarias.

Basicamente, consiste en aproveitar terras baleiras na contorna dos principais núcleos urbanos do noso Concello (Santa Cruz, Santa Cristina, Perillo, Oleiros, Mera...) e habilitalos

en pequenas parcelas para o seu cultivo por parte dos veciños e veciñas que tiveran interese, baixo control e asesoramento técnico municipal. Trátase dunha experiencia que conta cun amplo percorrido en moitos lugares, mesmo nalgunha das principais cidades do noso país (Santiago, Lugo, A Coruña...). As súas vantaxes son evidentes: constitúe unha alternativa de ocio,

ao tempo que se trata dunha actividade produtiva; permite a aprendizaxe práctica, e o intercambio de saberes e experiencias; facilita o contacto entre persoas de idades moi diversas e a relación veciñal; permite experimentar a auto-organización e xestión comunitaria; valora a terra e os seus produtos, como parte dunha alimentación saudable.

O noso Concello conta con terras baleiras, e con veciños e veciñas dispostas a darlle un uso. Por que non facelo?

Convidamos dende aquí a toda a poboación de Oleiros, aos grupos políticos e ao goberno municipal, para que se sumen a esta iniciativa, que o BNG levará ao Concello nas vindeiras semanas.

# EDITORIAL

## ● Os piares do estado chirrían

◆ As sondaxes non fan máis que acreditar algo que case todos sabemos: que a democracia construída e supostamente amparada na carta magna constitucional, está chea de buratos e gretas que ameazan co seu derrubamento.

A causa desta situación é que a materia que se está a usar para apuntalar os principais piares que a deben sustentar son de baixa calidade ou están empodrecidos. A sorte é que parte do ferro empregado aínda os está a manter en pé.

É importantísimo poñerse mans á obra e buscar os mellores directores, capataces e obreiros para reconstruír a deterioración do sistema botando ao paro e metendo no cárcere a todos aqueles que non asumiron o proxecto e quedaron cos materiais a sabendas do dano que facían ao conxunto dos cidadáns que desexan avanzar sen perigo apoiándose nas bases construídas hai xa 34 anos.

Unha democracia non pode sobrevivir se aqueles que teñen que ser exemplares na súa forma de facer e comportarse, vulneran os principios básicos que deben esixirse a todos os cidadáns e especialmente aos seus representantes.

Non pode haber unha casa real na que os seus moradores se dediquen á boa vida como no tempo dos emperadores, mentres os súbditos estean a sufrir todo tipo de avatares que non fan senón empobrecelos. E moito menos pode un membro da casa real, esquilmar as arcas da Administración pública utilizando todo tipo de enxeñería económica para vivir como un rei.

Non pode haber uns gobernos que non cumpran co que prometen á cidadanía e pola contra, dilapiden os fondos públicos en obras innecesarias e investimentos faraónicos nas que se perden polo camiño millóns de euros en dádivas, gratificacións e corruptelas. Non poden condenar ao paro a milleiros de persoas mentres montan todo tipo de chiringuitos para desviar cartos do estado a fundacións e outras herbas, contratando directamente máis de 240.000 persoas afíns a través do sistema dos coñecidos “fontaneiros”, barrigas agradecidas que en máis dun 90 % non teñen máis tarefa que controlar o aparato do partido.

Non se pode crer na xustiza cando unha alta porcentaxe das persoas que a exercen a desprestixian con actuacións e fallos carentes de toda ética e amparo legal, algúns deles beneficiando todo tipo de intereses económicos, políticos e incluso mafiosos, segundo o interese do goberno do momento ou grupos económicos.

Fállase en cantidade de ocasións segundo a simpatía ou a afinidade política sen importar o dano que se poida provocar as persoas e entidades, libres de culpa, criminalizándoas e matándoas psicoloxicamente. Case todos os preitos que afectan aos altos poderes políticos e económicos acaban prescribindo pola “desidia” do xuíz e cando hai algún que cumpre co seu traballo, sácanlle o asunto das mans. Para a protección de xuíces ou maxistrados que se poñen fóra da lei, están as asociacións xudiciais que os defenden e mentres tanto o xefe de xefes dedicábase a viaxes de pracer a conta de todos os españois.

Agardemos que os xuíces e xuízas, maxistrados e maxistradas exemplares se impoñan e denunciaren esas execrables condutas que están a empanar un dos principios básicos da nosa democracia como é a xustiza.

Non se pode ter confianza nas forzas e corpos de seguridade, se estes non cumpren co fin para o que foron creados, que non é outro que o de velar pola seguridade da cidadanía ao amparo da normativa e das leis baseadas na constitución. As forzas de seguridade non foron creadas para golpear, por orde do delegado do momento, a cidadanía que defende os seus dereitos. As forzas de seguridade non deberán ter afinidade política nin pregarse ás políticas do goberno que corresponda. A bandeira e España non poden estar por riba dos cidadáns das distintas comunidades que a integran. Son moitísimos, igual que na política, os casos de corrupción que se están a dar neste corpo, co agravante de que neste caso está en xogo a seguridade e o patrimonio dos cidadáns e do Estado e que trae como consecuencia o aumento de mafias e asociacións delitivas. É necesario contar co compromiso daqueles membros da orde pública que si cumpren co seu deber para que a ética, a honestidade, a constitución se impoñan e nos leve pola boa senda e non pola dos elefantes porque, como se sabe, esta última non ten retorno.



## Melloras nas instalacións da aula do mar de Mera

◆ O Concello de Oleiros está a mellorar a aula do mar situada nas inmediacións do faro de Mera. Este equipamento alberga unha exposición interpretativa permanente composta por paneis, medios interactivos e elementos en relevo, que resume os valores e centraliza o uso público do espazo protexido na Costa de Dexo-Serantes. Desde 2006, máis de 70.000 persoas visitaron a instalación. Despois de case 6 anos de apertura a instalación e a exposición foise deteriorando facendo necesaria a súa actualización.

As obras que realizará o Concello consisten na reparación de gretas existentes en todo o edificio, a reparación do tratamento das paredes e o selado da carpintería metálica. Ademais limparase a zona perimetral da instalación e mellorase o acceso, dotarase de novo mobiliario e farase unha nova instalación eléctrica de maior eficiencia enerxética.

Para levar a cabo estes traballos o goberno local de Oleiros conta co financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. O investimento total supera os 40.000 euros.



## O Concello contrata a redacción do planeamento dunha nova urbanización en Mera ▼

◆ O Concello de Oleiros procedeu á contratación da redacción do planeamento para urbanizar o ámbito do núcleo de Mera situado entre Pinar do Río e a rúa Lamalonga. A redacción deste documento permitirá ao Concello facerse gratuitamente por compensación con terreos necesarios para a construción do futuro campo de fútbol da zona norte do municipio. Ademais de novas zonas verdes e espazo para aparcadoiros na localidade de Mera. Así mesmo, o Concello acadará terreos destinados á construción de vivenda protexida de promoción municipal. Os traballos de redacción realizaranse ao longo deste ano 2013 e unha vez rematados procederase á contratación das obras de urbanización.

## Obras na rúa Pilar Estévez Diéguez ►

◆ O Concello de Oleiros está a levar a cabo obras de mellora na rúa Pilar Estévez Diéguez, situada na parroquia de Nós. Na actualidade a dita rúa ten aplicado un aglomerado asfáltico presentando numerosos desgastes en distintos puntos. Esta obra conta cun orzamento de 130.000 euros para mellorar o firme e realizar diversos traballos de seguridade viaria para os peóns.

# Aforro enerxético no polígono empresarial de Iñás ▼



◆ O Concello de Oleiros mellorou a eficiencia da iluminación pública do polígono comercial de Iñás. Esta obra levouse a cabo con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que conta cunha liña de financiamento para este tipo de iniciativas. O investimento total no proxecto supera os 84.000 euros.

O Goberno local pretende potenciar o aforro de enerxía eléctrica neste parque empresarial, así como a adecuación das instalacións coas tecnoloxías máis modernas existentes no ámbito da iluminación para conseguir unha rebaixa nos custos de mantemento e unha menor contaminación lumínica.

Isto suporá a substitución de 220 unidades da iluminación actual, formado por luminarias de vapor de sodio, por luminarias de alto rendemento lumínico de tecnoloxía LED, que non provocan contaminación lumínica. Isto posibilita manter as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio dos ecosistemas locais e diminúen o resplandor luminoso nocturno na visión do ceo, así como a intrusión luminosa no ámbito doméstico das proximidades do polígono, evitando posibles molestias aos veciños e veciñas. Así mesmo, este tipo de luminarias consomen menos da metade de enerxía mantendo a calidade da iluminación e diminúe o gasto de mantemento por ter un maior número de horas de vida útil que o vapor de sodio.

## O campo de fútbol de Condús será mellorado



◆ O Concello de Oleiros levará a cabo diversos traballos de mellora no campo de fútbol Eugenio Pardo Conchado co obxectivo de optimizar a eficiencia enerxética deste equipamento deportivo e para modernizar as súas instalacións.

Dentro desta serie de obras inclúese a substitución das actuais lámpadas do campo de fútbol por outras de máis durabilidade e maior eficiencia lumínica. Esta mellora afectará tanto ao exterior como a cafetería, os

aseos, vestiarios e zonas de paso. Así mesmo, cambiarase o sistema de auga quente sanitaria co mesmo obxectivo de eficiencia enerxética.

Por outra banda, o terreo de xogo será modernizado, xa que por mor do uso desta instalación o céspede artificial foi perdendo o caucho que simula o tacto natural da herba e o bote do balón. O material estenderase cunha máquina especial e a continuación pasarase unha varredora para campos de fútbol para que o caucho penetre no campo.



## Melloras de ► accesibilidade e seguridade viaria en Santa Cristina

## Un concello vivo

◆ O Goberno local vai levar a cabo varias obras que mellorarán o núcleo de Santa Cristina en Perillo, unha das zonas máis concorridas do municipio pola súa alta actividade de ocio e pola súa praia. O obxectivo desta iniciativa municipal é mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria nesta zona.

Os traballos céntranse principalmente na reparación de beirarrúas na rúa Mendel na súa confluencia coa avenida de Santa Cristina. Nesta rúa construíranse novas beirarrúas e renovarase o pavimento. Ademais melloraranse pasos de peóns espallados por toda a localidade. Nalgúns casos procederáse ao repintado e noutros crearanse pasos sobre elevados, como na rúa Darwin, con rúa Linneo e rúa Humboldt e na avenida das Américas, ou fronte ao hotel Santa Cristina.

Así mesmo, dentro da política de incremento da seguridade viaria en todo o municipio, o Goberno local instalará en varios puntos estratéxicos bandas reductoras da velocidade. Por outra banda, o Concello tamén realzará importantes traballos na rúa Darwin, onde se prevé ampliar a beirarrúa e solucionaranse diversos problemas de accesibilidade. O orzamento total para os traballos de mellora da accesibilidade e seguridade viaria en Santa Cristina é de 62.780,73 euros.

## O Concello repón a rede de abastecemento de auga na rúa do Ribeiro

◆ O Goberno local repoñerá nos próximos días a rede de abastecemento de auga na rúa O Ribeiro, en Perillo. A actual tubaxe será cambiada por unha nova de fundición que garante a durabilidade, mellora o abastecemento e reduce o número de avarías que os usuarios e as usuarias desta rede estaban a sufrir ao longo dos últimos anos pola deterioración da instalación debido principalmente á súa lonxevidade e ao efecto do tráfico rodado. O investimento total nesta obra será de 40.134 euros.

## Conservación dos paseos marítimos de Mera e Galeras

◆ O Goberno local vai someter a madeira do paseo marítimo de Mera e a senda costeira entre Galeras e o paseo marítimo de Santa Cruz a un tratamento especial para garantir a súa conservación e durabilidade. Estes traballos consistirán principalmente en realizar un tratamento protector da madeira. Primeiro para eliminar a sucidade existente e nos bancos e varandas cun lixado e posteriormente aplicarase un recubrimento de alta resistencia especial que protexerá toda a madeira contra a radiación solar e a acción do salitre do mar, deixando un equilibrio de humidade entre o exterior e o interior. O investimento total nestes traballos é de 37.640 euros.

## Oleiros adquire maquinaria para o mantemento de camiños

◆ O Concello vai adquirir una máquina escavadora que será destinada a completar diversos traballos da área de Servizos Municipais, principalmente o mantemento de camiños. A compra desta maquinaria facilitará o labor dos operarios e a súa eficiencia á hora de tratar obras urxentes ou avarías, como unha rotura puntual na rede de abastecemento. Ademais o seu uso suporá un importante aforro para as arcas municipais, xa que deste xeito se evita o aluguer. O investimento total na compra desta moderna máquina escavadora hidráulica será de 78.397 euros.



# O Concello realiza un investimento anual de 235.700 euros en subvencionar as matrículas das escolas municipais de música e danza ▼

◆ O Concello realiza un investimento anual de 235.700 euros en subvencionar as matrículas das escolas municipais de música e danza. A matrícula de alumnos e alumnas das escolas de música e danza incrementouse para este curso 2012-2013 respecto ao curso anterior. En total son 378 alumnos e alumnas na escola de música situada no complexo cultural da Fábrica e 277 alumnos e alumnas na escola de danza da avenida Valle Inclán. Este centro educativo experimentou un gran aumento de alumnado grazas á entrada en funcionamento da nova sede da escola que permite albergar a moitos máis escolares.

O custo destes servizos contratados polo Concello á empresa Musicoruña S.L. ascende a 315.7000 euros no caso da escola de música e 127.000 para a escola de danza. Isto supón que, no caso do centro de ensino de música, o custo medio por estudante que financia o Concello é de 478,04 euros, o que representa o 57,24% do custo total do curso académico, é dicir 180.700 euros. Mentres que os estudantes asumen o 42,76% restante, o que supón un ingreso por cotas de 135.000 euros.

Respecto á escola de danza, cuxo contrato supón un investimento total de 127.000 euros, os ingresos por cotas do alumnado ascenden a 72.000 euros, o que supón o 59,69%, mentres que o Concello asume o 43,31% restante que supón 55.000 euros.

## Prezos das escolas de danza e música:

MEDIA DE PREZOS PÚBLICOS DE DANZA	42,33 €
● 1º Música e movemento	25,00 €
● 2º Música e movemento	30,00 €
● 1º Danza clásica	36,00 €
● 2º Danza clásica	58,00 €
● 3º Danza clásica □	62,00 €
● 4º Danza clásica	71,00 €
● Teatro musical	48,00 €
● Street dance	24,00 €
● Adultos/as	27,00 €
● Matrícula	68,00 €



MEDIA DE PREZOS PÚBLICOS DE MÚSICA	56,33 €
● Música e movemento	24,00 €
● Un instrumento	59,00 €
● Dous instrumentos	86,00 €
● Matrícula	68,00 €

## O futuro colexio de Nós acumula un novo ano de retraso

◆ A construción do novo colexio de Nós segue acumulando retrasos. Unha vez máis a Consellería de Educación está a enganar os veciños e veciñas de Oleiros. Este engano non tería importancia se non fose un dos moitos máis que este concello vén sufrindo desde o Goberno autonómico desde hai anos. A Xunta reiterou durante 2009 e 2010 que a culpa do retraso na construción deste centro escolar era do Goberno municipal, segundo eles, por carecer de solo para situar o edificio.

No ano 2010 o Concello de Oleiros realizou un investimento de 300.000 euros para poñer a disposición da Xunta os 11.000 metros cadrados adquiridos na parroquia de Nós. A pesar de que o Goberno autonómico incluíu en 2011 unha partida para a construción do edificio este aínda se atopa a día de hoxe sen contratar co grave prexuízo que isto supón na educación dos nenos e nenas de Oleiros que están a ser almacenados en aulas que sobrepasan o ratio de alumnos e alumnas por clase. A masificación está a impedir que os docentes poidan exercer a formación coa calidade necesaria.

Ante esta situación o Concello procederá a facer unha serie de asembleas coas asociacións de pais e nais de alumnos dos centros de ensino, así como cos claustros de profesores, para falar das medidas a adoptar ante a Xunta de Galicia.



## Oleiros cobrará a débeda do consorcio de municipios da área metropolitana

◆ Doce anos despois, e tras preitos e numerosas xestións o Goberno local logrou un acordo dentro do consorcio de municipios para que se sufraguen os 621.712 euros pendentes de cobro pola xestión do servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos na área metropolitana da Coruña realizada no seu día polo Concello de Oleiros. O acordo que se conseguiu foi por unanimidade. Deste xeito, o Concello solucionará así ao mesmo tempo a débeda co Consorcio, dado que desde hai catro anos estaba a reter a cantidade que como membro deste ente debía repercutir por pertencer a el. Péchase así un asunto que estaba a enturbar as relacións entre os distintos concellos.

## Oleiros presentará o refundido do Plan xeral


◆ O Goberno municipal tramitará de inmediato o refundido do Plan xeral. Esta xestión realizarase tras a sentenza favorable en relación á pegada sonora que provocaba temporalmente a suspensión do PXOM en todo o ámbito de afectación da citada pegada e ante a situación que presentan os 13 núcleos urbanos que foron deixados á marxe do planeamento pola Xunta. Estes núcleos atópanse pendentes de presentar a documentación por parte do Concello para demostrar a dotación de servizos públicos pendentes necesarios para a cualificación destes solos como urbanos no documento refundido. Desde ese momento o goberno autonómico deberá resolver e valorar as achegas feitas polo Concello e dirimir se acepta o conxunto das propostas ou exclúe algún destes núcleos afectados. Unha vez informado pola Xunta, o documento regresará ao pleno municipal do Concello para a súa aprobación definitiva.



## O xulgado falla a favor do Concello na pegada sonora

◆ O pasado día 26 de xullo de 2012 a sección segunda da sala do Contencioso Administrativo do xulgado da Coruña fallou a favor do Concello de Oleiros en relación á demanda presentada por este en contra da pegada sonora imposta ao Plan xeral polas servidumes do aeroporto de Alvedro e que afecta desde a zona do Río en Montrove ata As Camposeiras, na parroquia de Dorneda. Esta pegada afectaba a amplas zonas de solo urbano e urbanizable na parroquia de Liáns nas que se impedía a futura construción de novos servizos ou equipamentos públicos.

Con esta sentenza demóstrase que o Goberno local estaba acertado na súa defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Oleiros en contra das imposicións de Aviación Civil e AENA, organismos dependentes do Ministerio de Fomento.



■ Pegada sonora previsible e incluída no estudo de impacto medioambiental da revisión do Plan director de Alvedro



# O canon da auga imposto pola Xunta de Galicia encarece o recibo ▼

◆ No mes de xullo, o día 1, entrou en vigor a aplicación do canon da auga, trátase dun imposto universal establecido pola Xunta de Galicia, de aplicación automática desde esa data. Por este motivo os veciños do noso Concello, igual que o resto da cidadanía galega, viron incrementado considerablemente o seu recibo, principalmente aqueles consumos máis elevados.

Xunto co establecemento deste canon da auga, a Xunta de Galicia crea unha nova taxa por coeficiente de vertedura. Esta taxa só será de aplicación en aqueles concellos nos que a Xunta se fai cargo do servizo de depuración. Ademais elimina o canon de saneamento que se viña aplicando ata esa data, este canon ingresábase directamente á Xunta de Galicia quen o destinaba ao mantemento das infraestruturas.

En Oleiros, é o Concello quen asume o custo do servizo de evacuación de augas pluviais e residuais a través da rede de sumidoiro municipal, así como o seu tratamento e a súa depuración. Este servizo supón un custo anual para as arcas municipais de case un millón de euros cando o que se recada por este servizo ascende a 450.000 aproximadamente. Está claro que estamos a falar dun servizo municipal altamente deficitario.

O goberno municipal entende que hai que equilibrar o custo deste servizo e propuxo a revisión da ordenanza fiscal que o regula, de xeito que a cantidade que antes se pagaba á Xunta, como canon de saneamento, se pague agora ao Concello para o mantemento e mellora da rede municipal de sumidoiros.

Deste xeito, o importe a pagar polos veciños e veciñas do Concello no seu recibo non sufrirá aumento por este concepto, debéndose unicamente o incremento económico ao canon da auga.



## Recibo auga - sumidoiro - lixo

- Establecemento dunha tarifa de tratamento e depuración dentro da taxa de sumidoiro equivalente a recadación da Xunta polo antigo canon de saneamento

- Cuantificación do incremento do recibo pola implantación do canon da auga por parte da Xunta de Galicia

m <sup>3</sup>	Importe recibo		Incremento		"Antigo Canon saneamento Agora taxa depuración"	Canon auga
	2012	2013	Importe	%		
Trimestre						
12	49,89 €	52,27 €	2,39 €	4,79 €	2,51 €	1,50 €
18	51,14 €	53,53 €	2,39 €	4,67 €	3,76 €	1,50 €
21	51,77 €	58,00 €	6,23 €	12,03 €	4,39 €	5,34 €
27	53,02 €	60,93 €	7,91 €	14,92 €	5,64 €	7,02 €
36	60,45 €	71,17 €	10,72 €	17,74 €	7,52 €	9,54 €
45	67,87 €	82,14 €	14,26 €	21,01 €	9,41 €	12,78 €
54	75,30 €	93,10 €	17,80 €	23,63 €	11,29 €	16,02 €
72	97,13 €	123,40 €	26,27 €	27,05 €	15,05 €	23,40 €
90	118,95 €	153,70 €	34,75 €	29,21 €	18,81 €	30,78 €

# O Estado sube o imposto do IBI ▼

◆ Rematou o prazo para o pagamento do imposto sobre bens inmobles de carácter urbano (IBI-U). Ese imposto repercute sobre as propiedades urbanas dos veciños e veciñas do municipio. Foron moitos os que se dirixiron ao Concello, ben por vía telefónica ou a través de correos electrónicos para denunciar o incremento do citado imposto. O goberno local quere informar a cidadanía que o incremento do 10% experimentado foi acordado para todos os concellos de España polo Goberno da Nación e regulado a través do Real decreto lei 20/2011 do 30 de decembro de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, co obxectivo de corrixir o déficit público. É dicir, non foi o Concello de Oleiros o que decidiu realizar esta subida do imposto, de feito o Goberno local considera o incremento totalmente desproporcionado no actual contexto de crise económica que está a atravesar o país.



# O Concello de Oleiros reclama ao Ministerio de Facenda unha débeda de 88.019 euros ▼


◆ O Concello de Oleiros volverá a reclamar ao Ministerio de Facenda unha débeda de 88.019 euros non aboada por este organismo. Esta obrigaón contraída por Facenda é en concepto de gastos de urbanización de varias parcelas resultantes da tramitación urbanística e de propietarios descoñecidos das que o Estado se atribúe a súa propiedade. O importe está relacionado con liquidacións de obra que foron notificadas nos meses de xuño e xullo sen que, ata o momento, Facenda se dignase sequera a contestar. O Concello de Oleiros preguntase porque o señor Montoro ten tanta disposición e axilidade para perseguir a morosos e porén non se aplica o mesmo conto no caso de saldar a débeda do seu Ministerio co Concello.

# COMPRA en



# OLEIROS

■ Na situación na que estamos a vivir é importantísimo potenciar o consumo nos comercios do noso municipio. Deste xeito, lograremos manter servizos de proximidade, estaremos evitando o peche de negocios e con iso, evitaremos a destrución do emprego a nivel local.



# Supresión do transporte gratuito ás piscinas municipais ▼

◆ Ante a situación económica que estamos a sufrir no país e a diminución de ingresos ás arcas municipais por parte do Goberno do Estado e das administracións autonómica e provincial, o Goberno local está a revisar os investimentos que se fan en diversas actividades para que, sen suprimilas, se poida sacar a maior rendabilidade social.

O Concello de Oleiros estaba a realizar un forte investimento en gasto de transporte destinado a actividades culturais, sociais e deportivas. Neste tipo de actividades municipais o transporte estaba a ser de carácter

gratuito, o que supoñía que nalgúns dos servizos un desprazamento desde un colexio do Concello a un núcleo de poboación ás piscinas municipais supoñía un gasto de entre 6 e 7 euros por viaxe cando no transporte público de viaxeiros supón un gasto de 0,79 euros con tarxeta de transporte e 1,45 sen esta tarxeta. Polo que este tipo de servizos non se pode seguir mantendo cando existe un transporte público que pode ser utilizado por calquera veciño ou veciña. Deste xeito, evítase a supresión da actividade e só se suprime o transporte gratuito sen crear un gran prexuízo ao cidadán e logrando un importante aforro para as arcas municipais.

# O Concello de Oleiros fixo un investimento no ano 2012 de case 130.000 euros no transporte metropolitano ▼



◆ O Concello de Oleiros, no marco do Convenio que ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o desenvolvemento do transporte metropolitano, vén de aboar a cantidade de 128.990 euros como achega que lle corresponde neste ano para o funcionamento do transporte metropolitano. Neste importe englobábase en primeiro lugar os custos do servizo denominado de interese metropolitano (os das viaxes que transcorren polo Concello con saída ou destino na Coruña), nos que o Concello se fai cargo do 20 % da subvención que corresponde aboar aos operadores de transporte para a prestación do servizo. En segundo lugar, tamén se incorpora a liquidación do gasto real na liña de transporte municipal, que vertebra o Concello de norte a sur, de Lorbé ao Burgo, no que o Concello directamente aboou para o seu mantemento máis de 55.000 euros.

O incremento de persoas usuarias nos últimos anos posibilita que a subvención ás empresas de transporte para o mantemento do servizo se

visé minorada. As sucesivas melloras que se articularon, como é o feito do transbordo gratuito, o aumento de frecuencias de paso, as infraestruturas que se foron situando en modo de novas marquesiñas, e a integración nun único sistema das diferentes tarxetas de transporte, tiveron a incidencia desexada, conseguindo que a achega que outorga o Concello se reduciise desde o pasado exercicio en máis de 70.000 euros (englobando tanto os servizos de interese municipal como de interese metropolitano), dato resultante unha vez practicadas as correspondentes liquidacións por parte da Xunta de Galicia, polo que é fundamental que o uso do transporte público por parte dos veciños e veciñas se manteña, ou mesmo incrementese se queremos seguir contando cun servizo tan importante, para garantir a súa viabilidade co número de frecuencias e autobuses actual.

A pesar de supoñer un alto custo para as arcas municipais, o Goberno local seguirá apostando por este servizo para que cada día miles de veciños e veciñas utilicen este sistema de transporte.

# Oleiros, diploma de prata nos premios The International Awards for Liveable Communities 2012

◆ O Concello de Oleiros participou na edición 2012 do concurso internacional no que se premian as mellores prácticas no desenvolvemento sostible dos municipios, os recoñecidos The International Awards for Liveable Communities. Oleiros presentou dous proxectos: «Oleiros, un lugar para vivir» e «Un novo veciño, unha nova árbore». Ambas candidaturas foron seleccionadas como finalistas na categoría de comunidades entre 20.001 e 70.000 habitantes, nas que competiron con outros municipios de países como a República Checa, Australia, Rusia, Emiratos Árabes Unidos, China, Xapón, Estados Unidos de América e Exipto.

Diploma entregado pola organización ao Concello de Oleiros na final nos Emiratos Árabes Unidos e que acredita a medalla de prata á candidatura «Oleiros, un lugar para vivir»



◆ Os concellos finalistas tiveron que defender os seus proxectos ante un tribunal de expertos en medio ambiente, arquitectura, enxeñaría, bioloxía... todos eles provenientes de distintos países e baixo a supervisión da organización, que ten a súa sede fixada en Londres.



◆ Os criterios para a selección dos gañadores divídense en seis apartados distintos: Mellora de paisaxes naturais e construídos; Arte, cultura e patrimonio; Mellores prácticas ambientais; Participación social e empoderamento e Planificación estratéxica. O noso concello acadou o galardón de prata en ambas as dúas candidaturas nas que competía. A final celebrouse na cidade Al Ain, nos Emiratos Árabes Unidos o pasado 26 de novembro e o evento foi emitido en directo para os cinco continentes a través de Internet.

Diploma entregado pola organización ao Concello de Oleiros na final dos Emiratos Árabes Unidos e que acredita a medalla de prata á candidatura «Un novo veciño, unha nova árbore»

# O Concello xa conta cos orzamentos municipais para 2013

◆ O Goberno municipal aprobou no pleno ordinario do pasado mes de decembro os orzamentos para o exercicio 2013. Nestes orzamentos prevese unha redución de ingresos estatais e autonómicos. Para a elaboración deste documento o Goberno local solicitou das entidades veciñais máis representativas que achegasen suxestións ou demandas de reparación de servizos, pequenas obras de infraestrutura ou actividades que deberán ser obxecto de estudo para incluírse nos orzamentos.

A previsión de aprobación definitiva deste documento está prevista para finais deste mes de xaneiro co obxectivo de que a actividade municipal non se paralice, principalmente o que se refire aos servizos e ás actividades de carácter social, cultural e deportivo.

Os investimentos municipais deste ano sufriran unha minoración económica respecto ao pasado 2012. O gasto centrarase en obras de planeamento urbanístico como vai ser o desenvolvemento da urbanización situada entre o hostel Brial e o alto de Perillo, ou a apertura dunha nova rúa entre a urbanización Hábitat e a ponte Pasaxe, ou aquelas outras obras e servizos incluídas nos plans provinciais.

O orzamento no seu conxunto ascenderá a 25.099.385 euros, é dicir, 984.840 euros menos que en 2012, o que supón unha baixada do 3,78%. As principais reducións de gasto afectan á área de Alcaldía, cun 11,04% menos, Economía e Facenda, cun 18,37% e Obras Públicas cun 14,54%.



## Comparativa dos orzamentos de 2012 e 2013

TOTAL GASTOS	2012	%	2013	%	VARIACIÓN IMPORTE	%
CAP 1 GASTOS DE PERSOAL	8.810.253,00	-0,09	8.698.894,00	-1,26%	-111.359,00	-1,26%
CAP 2 BENS CORRENTES	10.221.121,00	-0,02	10.859.860,00	6,25%	638.739,00	6,25%
CAP 3 GASTOS FINANC.	431.120,00	0,65	561.120,00	30,15%	130.000,00	30,15%
CAP 4 TRANF. CORRENTES	894.231,00	-0,13	843.161,00	-5,71%	-51.070,00	-5,71%
<b>TOTAL GTS CORRENTES</b>	<b>20.356.725,00</b>	<b>-0,05</b>	<b>20.963.035,00</b>	<b>2,98%</b>	<b>606.310,00</b>	<b>2,98%</b>
CAP 6 INVEST. REAIS	4.692.500,00	-0,19	3.326.350,00	-29,11%	-1.366.150,00	-29,11%
CAP 7 TRANSF. CAPITAL.						
CAP 8 ACTIVOS FINANC.	40.000,00	0,00	40.000,00	0,00%	0,00	0,00%
CAP 9 PASIVOS FINANC.	995.000,00	0,45	770.000,00	-22,61%	-225.000,00	-22,61%
<b>TOTAL CAPITAL</b>	<b>5.727.500,00</b>	<b>-0,12</b>	<b>4.136.350,00</b>	<b>-27,78%</b>	<b>-1.591.150,00</b>	<b>-27,78%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>26.084.225,00</b>	<b>-0,07</b>	<b>25.099.385,00</b>	<b>-3,78%</b>	<b>-984.840,00</b>	<b>-3,78%</b>
TOTAL INGRESOS	2012	%	2013	%	VARIACIÓN IMPORTE	%
CAP 1 IMPOSTOS DIRECTOS	9.025.000,00	0,06	9.718.000,00	7,68%	693.000,00	7,68%
CAP 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	750.000,00	-0,25	550.000,00	-26,67%	-200.000,00	-26,67%
CAP 3 TAXAS E OUTROS ING.	4.043.370,00	-0,02	4.251.770,00	5,15%	208.400,00	5,15%
CAP 4 TRANSFERENC. CTES.	8.287.265,00	-0,09	7.997.265,00	-3,50%	-290.000,00	-3,50%
CAP 5 INGRESOS PATRIMON.	385.100,00	-0,14	355.100,00	-7,79%		
<b>TOTAL ING. CORRENTES</b>	<b>22.490.735,00</b>	<b>-0,03</b>	<b>22.872.135,00</b>	<b>1,70%</b>	<b>381.400,00</b>	<b>1,70%</b>
CAP 6 VENTA DE BENS	1.134.190,00	0,60	600,00	-99,95%	-1.133.590,00	-99,95%
CAP 7 TRANSF. DE CAPITAL	2.419.300,00	0,92	2.186.650,00	-9,62%	-232.650,00	-9,62%
CAP 8 ACTIVOS FINANC.	40.000,00	0,00	40.000,00	0,00%	0,00	0,00%
CAP 9 PASIVOS FINANC.	0,00	-1,00	0,00		0,00	
<b>TOTAL CAPITAL</b>	<b>3.593.490,00</b>	<b>-0,24</b>	<b>2.227.250,00</b>	<b>-38,02%</b>	<b>-1.366.240,00</b>	<b>-38,02%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>26.084.225,00</b>	<b>-0,07</b>	<b>25.099.385,00</b>	<b>-3,78%</b>	<b>-984.840,00</b>	<b>-3,78%</b>

# Comeza un obradoiro de emprego a través do que se están a crear 33 novos postos de traballo



◆ Ao longo destes días comezou un novo obradoiro de emprego para o acondicionamento do Viveiro Municipal de Empresas situado no polígono empresarial de Lñás. Este obradoiro cofinanciado pola Consellería de Traballo e Benestar Social, a Unión Europea e o Concello de Oleiros está a dar traballo a 33 persoas. En total contratáronse 9 carpinteiros en formación, 8 escaiolistas en formación e outros tantos electricistas. Todos eles maiores de 25 anos e residentes en Oleiros, xa que a residencia no municipio e estar inscrito como demandante de emprego eran requisitos obrigados para acceder a estes postos. Ademais contratouse un director,

3 docentes, un por cada unha das especialidades e un profesor de formación xenérica e outro de xestión empresarial. Así mesmo, están a traballar neste proxecto un auxiliar administrativo e un conserxe condutor.

Os 25 alumnos percibirán un salario de 641 euros mensuais mentres que o resto de persoal será remunerado en función dos distintos convenios laborais. A Xunta e a Unión Europea achegan 220.414,50 euros a este proxecto mentres que o Concello de Oleiros inviste 58.000 euros.

## Aluguer de naves industriais ▼

◆ Coa realización do obradoiro de emprego que está a levar a cabo o Concello no Viveiro Municipal de Empresas estanse a mellorar considerablemente as instalacións das vinte naves industriais deste equipamento, xa que se están a construír aseos en cada nave e se está a realizar o illamento individual de cada unha delas. A carencia destes servizos supuxo no seu día un problema para algunha das persoas propietarias que desexaban instalarse no viveiro de empresas.

Estas importantes obras de mellora non suporán un incremento no prezo do aluguer destas instalacións que oscilan entre 538,36 euros ao mes as máis pequenas de 202 metros cadrados e 1.073,71 as de 473 metros cadrados.

O viveiro municipal de empresas ten como obxectivo enriquecer o tecido empresarial de Oleiros apostando pola implantación de novos emprendedores e emprendedoras, persoas que desexen instalar no noso municipio a súa empresa ou empresas situadas en zonas urbanas que queiran mellorar as súas instalacións.

**As pintadas,  
os estragos no mobiliario,  
a degradación da paisaxe,  
as agresións ambientais...**

**SON RESPONSABILIDADE  
DUNS POUÇOS**



**Os parques, as prazas,  
as rúas, as praias,  
o concello...**


**É PATRIMONIO  
DE TODOS**

## Oleiros conta cun «portal xeográfico municipal»

◆ Dentro do proxecto 'Oleiros, cara á administración electrónica', o Concello de Oleiros pon en marcha o seu portal xeográfico municipal, un proxecto de modernización baseado nas novas tecnoloxías da información e a comunicación para adaptar a ordenación do territorio ás exigencias demandadas pola actual sociedade da información que se ven materializadas na Lei de acceso cidadán ás administracións públicas.

Este novo portal xeográfico municipal, ao que se poderá acceder a través do portal corporativo do Concello está formado pola aplicación chamada Plan xeral, <http://gis.oleiros.org>. Este servizo pon a disposición de toda a cidadanía a consulta do Plan xeral de ordenación municipal de Oleiros, a través dun Sistema de Información Xeográfico. Permite mostrar distintos mapas e obter información a nivel de parcela.

Por outra parte a nova ferramenta conta coa aplicación de rueiro interactivo, <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/rueiro>. Este servizo permite a consulta sobre o plano do concello de distintos puntos de interese: equipamentos, auditorios, bibliotecas, casas da cultura, etc. e a consulta do rueiro municipal. Este novo portal, forma parte dun proxecto GIS corporativo con distintas capas de información, cuxo obxectivo, ademais do achegamento da administración á cidadanía, é a mellora da xestión interna do Concello.



## O Concello achega a Administración electrónica á cidadanía



◆ O Concello de Oleiros organizou unha serie de charlas informativas que achegaron a nova sede da administración electrónica á cidadanía. As charlas, que foron impartidas por un técnico cualificado, celebráronse nas distintas casas do pobo e nos centros cívicos de cada localidade para evitar desprazamentos.

Esta fiestra dixital á Administración conta inicialmente con 22 trámites dispoñibles, 14 para a cidadanía e 8 para provedores, pero esta cantidade irase incrementando progresivamente a medida que se cumpran fases da posta en marcha do Plan de Administración Electrónica do Concello de Oleiros. A nova sede electrónica dispón de sistemas que permiten o establecemento de comunicacións seguras sempre que estas sexan necesarias. Para isto, o portal establece o Rexistro Electrónico en 5 trámites para os que é necesaria a identificación e a sinatura mediante e-DNI, ou certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

Os asistentes poideron aprender de forma rápida e sinxela a utilizar a sede da Administración electrónica oleirense e deste xeito realizar numerosos trámites a calquera hora e sen desprazarse a Casa do Concello. Na actualidade preto de 1.000 veciños e veciñas contan coa súa clave para operar a través da rede, e nos últimos meses este número estase a incrementar de forma exponencial.

## O Concello incrementa un 20% o orzamento do programa Axuda no Fogar ▼

◆ Fiel á súa política social, o Goberno local incrementou un 20% o orzamento do programa de Servizos Sociais Axuda no Fogar. O investimento nesta iniciativa pasará de 538.297 euros anuais a 645.957, cun incremento de 107.659 euros respecto ao ano anterior. O Goberno local destaca a importancia deste programa e o gran traballo asistencial que se está a facer a través desta iniciativa. O alcalde sinalou que o incremento é máis necesario que nunca debido ao contexto de crise no que nos atopamos.

O Servizo de Axuda no Fogar ten a finalidade de garantir a permanencia das persoas maiores no seu propio contorno. O obxectivo xeral deste programa social é facilitar o desenvolvemento ou o mantemento da autonomía persoal, previr a deterioración individual e promover as condicións favorables nas relacións familiares e de convivencia, contribuíndo á integración e á permanencia das persoas no seu contorno habitual de vida, mediante a intervención e o apoio de tipo persoal, social e doméstico.



## Oleiros enviará 2.480 pares de zapatos ao Salvador ▼

◆ O alcalde da localidade salvadoreña Ciudad Delgado, Tomás Minero visitou nas pasadas semanas o Concello de Oleiros. O rexedor salvadoreño aproveitou a súa estancia para falar cos distintos responsables do goberno local sobre posibles liñas de cooperación entre ambas administracións para levar a cabo proxectos que contribúan ao desenvolvemento desta poboación do Salvador. Durante a súa visita o alcalde transmitiulle que o Concello de Oleiros se compromete a realizar un envío de 2.480 pares de zapatos doados por un empresario coruñés o Club de Leóns.

O municipio de Ciudad Delgado atópase asentado a 3,5 quilómetros da cidade de San Salvador e forma parte da área administrativa e xeográfica coñecida como área metropolitana de San Salvador. Ciudad Delgado é un municipio con 120.200 habitantes e unha extensión territorial de 33,4 quilómetros cadrados.



## O Club de Leóns de Oleiros levou a cabo o seu acto de constitución

◆ O pasado mes e novembro celebrouse un acto no que quedou constituído de forma oficial o club de Leóns de Oleiros. A sesión tivo lugar no salón de actos das Torres de Santa Cruz o pasado 11 de novembro ás 20.00 horas. Neste acto, representouse a toma de promesa e a entrega de distintivos aos membros do club. Nesta reunión, que contou coa presenza do alcalde de Oleiros, participaron máis dun centenar de persoas entre os que se inclúen representantes doutros clubs de Leóns doutras localidades de España. Os clubs de Leóns son unha organización mundial de servizo con máis de 45.000 clubs e 1,35 millóns de membros activos distribuídos en 206 países e áreas xeográficas.

# Paremos a invasión ▼



◆ O Concello de Oleiros fai un chamamento a todas as persoas propietarias de solares no municipio para que procedan a eliminar das súas propiedades a planta coñecida como Cortadeira selloana. O Concello publicou o pasado mes de setembro un bando no que ordenaba a eliminación desta especie debido ao seu daniño impacto no noso ecosistema e á súa rápida proliferación. Incumprir este bando pode carrexar fortes sancións e nalgúns casos a eliminación da planta por parte do Concello con cargo ás persoas propietarias da finca.

Os técnicos municipais recordan a dificultade para desfacerse desta

plantación durante as tarefas de limpeza, xa que non basta con cortalas, hai que arrincalas de raíz, e os discos das máquinas desbrozadoras patinan e son incapaces de chegar ata as raíces. Ademais, as sementes da planta son desprazadas con suma facilidade polo vento a distancias de ata trinta quilómetros, e fóra do seu hábitat natural coloniza todo ao seu paso con gran facilidade. Cada planta pode producir máis de cen mil sementes de rápido crecemento. Ademais a súa presenza na época estival eleva exponencialmente o risco de incendios.



## Os cans non poden estar soltos nas zonas verdes



Son moitos os veciños e veciñas que cumpren as súas obrigas respecto ao coidado dos animais de compañía, pero continúa a haber un pequeno número de persoas que incumpren coa normativa de levar os cans con correa e que non realizan a recollida de excrementos. En ningún caso, os cans poden camiñar soltos polos parques, praias e zonas verdes do municipio.





# Comeza unha nova edición de Ocioleiros ▼

◆ Ao longo destes días comezan as distintas actividades do programa municipal de ocio e lecer coñecido como Ocioleiros. Este programa conta cunha gran participación por parte dos veciños e veciñas do noso municipio. Nesta nova edición supérase novamente as 1.000 persoas participantes. Un dos obxectivos principais desta iniciativa do Goberno local é potenciar as relacións sociais entre os veciños dos distintos núcleos do municipio e fomentar un ocio saudable. Nesta nova edición as persoas participantes poderán gozar de actividades como técnicas de relaxación, cata de viños galegos ou cociña e bebida saudábel. Ademais como vén sendo habitual na planificación deste programa nos últimos anos haberá un considerable número de actividades deportivas encamiñadas aos tres grupos de idade como iniciación ao surf e body-board, ximnasia con música, travesías en kaiak de mar pola costa ou fútbol sala feminino.



## As actividades ofertadas son as seguintes:

### De 14 a 17 anos

- **Iniciación ao surf e body-board**
- **Parkour** (actividade ximnástica)
- **Fútbol sala feminino**
- **Skate**
- **Cociña e bebida saudábel**
- **Sunva-Oleiros** (ximnasia con música)
- **Obradoiro de ganchillo**

### De 18 a 35 anos

- **Iniciación ao surf e body board**
- **Fútbol sala feminino**
- **Travesías en kaiak de mar pola costa**
- **Patinaxe** (en liña)
- **Bádminton**
- **Bolos**
- **Cociña e bebida saudábel**
- **Pintura**
- **Bailes de salón**
- **Sunva-Oleiros** (ximnasia con música)
- **Xogos de mesa** (parchís, baralla, xadrez, trivial, etc)
- **Obradoiro de ganchillo** (fai os teus adobíos)
- **Obradoiro de cata de viños galegos**
- **Xardinería**
- **Horta ecolóxica**
- **Obradoiro de fotografía**
- **Coctelería**

### De 36 a 65 anos

- **Natación**
- **Patinaxe** (en liña)
- **Bádminton**
- **Bolos**
- **Travesía de kaiak de mar pola costa**
- **Iniciación ao surf e body board**
- **Cociña**
- **Pintura**
- **Bailes de salón**
- **Informática**
- **Técnicas de relaxación**
- **Xardinería**
- **Horta ecolóxica**
- **Obradoiro de ganchillo**
- **Obradoiro de fotografía**
- **Obradoiro de cata de viños galegos**
- **Coctelería**

## O fotógrafo Gabriel Tizón impartirá o obradoiro de fotografía

◆ Nesta edición o obradoiro de fotografía será impartido polo prestixioso fotógrafo Gabriel Tizón. Tizón traballa como fotorreporteiro freelance colaborando habitualmente con axencias, periódicos e revistas nacionais e internacionais. As súas fotos foron publicadas por medios como El País, El Mundo, Abc, The Guardian, Le Monde, New York Estafes, Vanguarda, Marca, Expansión, La Voz de Galicia, Heraldo de Aragón, As e Periódico de Catalunya entre outros.



# A Liga Escolar de Judo, en marcha ▼

◆ Ao longo deste mes de xaneiro comezará unha nova edición da Liga Escolar de Judo do Concello de Oleiros, que contará este ano cunha participación duns 350 judokas de Oleiros e da nosa comarca nas categorías de benxamín, alevín, infantil e cadete.

Esta liga vai dirixida fundamentalmente a todos aqueles rapaces que practican judo nas casas do pobo do concello, pero que teñen a oportunidade de coñecer e medirse con outros judokas de centros educativos e clubs da comarca da Coruña, o cal nutre e enriquece enormemente estes encontros.

Os obxectivos desta iniciativa son promover e diversificar a actividade deportiva en idade escolar a través do judo, e en concreto apostar pola dinamización desta actividade nas casas do pobo do Concello. Así mesmo, o programa pretende fomentar os deportes de loita corporal como medio de desenvolvemento motriz e coordinativo dos nosos escolares, e como xa dixemos, fomentar a convivencia entre practicantes de distintas localidades do noso concello e da comarca.



## Comeza un novo curso da Escola Municipal de Surf ►



◆ O Concello de Oleiros vén promovendo desde hai anos a práctica dos deportes náuticos, xa que o noso municipio conta cunhas características moi particulares que o converten nun lugar privilexiado para a práctica deste deporte en todas as súas modalidades. Dentro da habitual preferencia do Concello de Oleiros por estes deportes enmárcase a Escola Municipal de Surf que na actualidade conta cun curso de iniciación dirixido á nosa mocidade desde os 12 a 21 anos. A actividade ten lugar no náutico da praia de Bastia-gueiro todos os mércores e venres de 16:30 a 18:00 horas, coincidindo sempre co mesmo calendario escolar que os centros educativos. Esta actividade conta cunha gran aceptación entre os mozos e mozas de Oleiros

## O programa de Encontros Deportivos Intercentros, competición educativa

◆ Co obxectivo de dinamizar deportivamente a nosa poboación en idade escolar, naceu hai dous anos o programa de Encontros Deportivos Intercentros. Con este programa os técnicos municipais pretenden utilizar os aspectos motivadores que ten a competición, reconducidos de xeito educativo a unha participación onde non debe ter máis importancia gañar que perder, se non que o interesante é dinamizar a práctica de actividade física e deportiva da nosa mocidade.

Para levar adiante esta dinamización, o Concello propón directamente a todos os cursos dos centros educativos de primaria e secundaria a configuración de equipos nas disciplinas de fútbol sala, bádminton e baloncesto. O obxectivo é realizar distintos encontros durante o curso escolar onde xogan e coñecen a outros compañeiros doutros centros educativos, favorecendo a relación da mocidade de distintas parroquias a través do deporte. Neste curso participarán 239 alumnos e alumnas dos centros educativos públicos de primaria e 147 alumnos dos tres centros de secundaria.



## Unha oleirense, campioa de Europa de Baloncesto

◆ A oleirense Claudia Calvelo proclamouse campioa de Europa de baloncesto sub 20 a finais do pasado ano. Calvelo e as súas compañeiras realizaron unha gran competición na cidade de Debrecen, en Hungría. Tras medirse ás mellores seleccións do continente lograron superar a Rusia nunha final igualada. O logro de Claudia augura un prometedor futuro no baloncesto de alta competición, xa que en moi pouco tempo poderíamos ver esta veciña debutar na selección absoluta nacional, seguinte paso tras a súa experiencia no combinado sub-20.

## Miguel Orro campión de España de Taekwondo en categoría cadete

◆ Miguel Orro venceu o Campionato de España de Taekwondo en clase minimosca na categoría cadete correspondente ao pasado ano 2012. Este rapaz de Lorbé impúxose á elite do deporte nacional na súa categoría nunha vibrante competición celebrada en Gandía. Orro xa lograra a principios de ano o campionato galego en categoría infantil. Miguel leva seis anos practicando taekwondo e os seus comezos foron complicados, xa que como el mesmo reconece ao principio non lle gustou moito a idea. Miguel está adestrado por Juan Fernández, que é cinto negro deste deporte e licenciado en INEF e presidente do Club Natural Sport no que compite Orro.



# Oleiros inicia a súa XXII campaña de promoción da lectura

◆ Este curso celébrase a XXII Campaña de promoción da lectura dirixida ao alumnado dos centros de ensino público deste concello. Entre as actividades ofertadas destacan para educación infantil e primaria contacontos da compañía Trinke-Trinke, Pablísimo, Soledad Felloza, Ramiro Neira, Paula Carballeira ou Caxoto; así como unha adaptación da obra de Xabier P. Docampo “Un conto de tres noites” e outra adaptación da obra “As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas”, do escritor galego Carlos Casares.



Pola súa parte, o alumnado de educación secundaria terá a oportunidade de gozar dun espectáculo titulado Xeografía do imaxinario: contos e lendas da mitoloxía galega; un contacontos baseado en relatos de Edgar Allan Poe de O corazón delator e outros contos; ou Contos de candil que ninguén cre, que é un contacontos realizado a partir das obras de Ánxel Fole Á lus do candil, Contos da néboa e Historias que ninguén cre; tamén Cen anos de maxia, que son actividades baseadas na obra Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro ou Feirante, un contacontos que adapta a obra Os outros feirantes de Álvaro Cunqueiro. Así mesmo, tamén poderán participar no espectáculo O neno preguntaba..., un concerto poético da obra de Celso Emilio Ferreiro.

Ademais, para o alumnado de bacharelato, o Concello organiza un recital de diferentes poesías de La voz a ti debida de Pedro Salinas. Tamén se narrarán diferentes pasaxes da obra dramática de Shakespeare Macbeth; ou Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres, que é un espectáculo con varios monólogos curtos no que se dramatizan diferentes personaxes femininos de El Quijote.

En resumo, unha serie de actividades moi diferentes encamiñadas a dinamizar a lectura entre a mocidade e que se van desenvolver na Biblioteca Central Rialada, en Perillo, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro, de Santa Cruz ou na Biblioteca Municipal Manuel María, desde febreiro a maio. Os principais obxectivos son que o alumnado dos centros de ensino público de Oleiros coñezan algunhas das bibliotecas do seu municipio ao mesmo tempo que se potencia a súa asistencia non só como lugares de estudo e consulta, senón tamén como centros de lectura lúdica.

# O roteiro cultural e literario, en crecemento

◆ Esta próxima primavera repítese a actividade do Roteiro literario, que tanto éxito tivo na súa primeira edición ao longo do pasado ano. Esta iniciativa que está organizada de forma conxunta pola Rede de Bibliotecas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores consiste nun percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas.

Este ano o roteiro comezará en Santa Cruz, onde viviron a escritora Syra Alonso e o pintor Francisco Miguel, trasladámonos ao Pazo de Lóngora que era o lugar de residencia da autora Fany Garrido e o músico Marcial del Adalid, para rematar en Oleiros onde residiu a tamén escritora Francisca Herrera. Os obxectivos desta iniciativa é fundamentalmente dar a coñecer diferentes mulleres e homes ilustres que viviron no Concello de Oleiros e mellorar o coñecemento de distintos espazos do termo municipal de Oleiros a través da promoción da lectura.



## A Hora do Conto nas bibliotecas, todo un clásico



◆ Debido ao gran éxito que está a rexistrar desde hai anos a actividade da Hora do Conto continúaase con este interesante programa en todas as bibliotecas municipais. Estas sesións, dirixidas a nenas e nenos menores de 10 anos, entreteñen a través de narración ou dramatización dun ou varios contos, cun enfoque lúdico e cunha vivencia activa e participativa cos libros, fomentando a imaxinación e a creatividade.

Os obxectivos que se intentan conseguir son que os nenos e nenas participantes se divirtan escoitando contos, facer novos lectores e lectoras ou consolidarlles este hábito, que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura e que vivan o libro en colectividade xunto con outras nenas e nenos. Ao longo dos próximos meses participarán nas distintas sesións organizadas as contadoras e contadores Pablísimo, Paula Carballeira, Soledad Felloza, Inés Cuadrado, Caxoto, Marisa Irimia, Pedro, Andrea Bayer, Ramiro Neira e a Compañía Trinke-Trinke cos “Ratos da biblioteca” que narrarán diversos contos, como unha invitación a viaxar a un tempo máxico de fantasía e imaxinación.

## Continúan os obradoiros de ilustración e de banda deseñada



◆ O Concello de Oleiros, a través da rede municipal de bibliotecas, continúa cos obradoiros de ilustración e de banda deseñada. Estas sesións dan a coñecer diferentes ilustradoras e ilustradores galegos a través dos cales o alumnado poida aprender diferentes técnicas de ilustración, aspectos básicos da banda deseñada ao mesmo tempo que se fomenta a creatividade e a imaxinación.

# Rialeda cumpriu un século de vida

◆ O Concello de Oleiros conmemorou ao logo do pasado mes de decembro o centenario do edificio Rialeda cun programa especial de actos que contou coa presenza de escritores como Manuel Rivas. Este edificio, ideado polo arquitecto Rafael González Villar (1887-1941), é unha construción modernista inspirada no movemento europeo da Sezession vienesa, adaptada aos gustos da nacente burguesía urbana que comezaba a construír espléndidas casas de campo. As súas torres, ángulos, óvalos, claroescuros, azulexos e cores rechamantes outórganlle unha especial personalidade. O edificio é desde o 21 de novembro de 1998 sede da Biblioteca Central Rialeda, cabeceira do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros, con premios como o da Irmandade do Libro, no ano 2012, na modalidade de Fomento da lectura, concedido pola Federación de Libreiros de Galicia ou o Premio Nacional María Moliner, en 2011, na categoría de Animación á lectura, concedido polo Ministerio de Cultura.



## O Concello de Oleiros crea «o banco bo»

◆ Banco Solidario, este é o nome do proxecto que desde a Concellería de Servizos Sociais do Concello de Oleiros está a impulsar cun dobre obxectivo: canalizar a solidariedade veciñal de Oleiros e contribuír a resolver as necesidades básicas de moitas familias que, como consecuencia da crise, o están a pasar mal. Como contraposición ao chamado banco malo e ás entidades financeiras que provocaron esta grave crise económica o Concello de Oleiros crea un banco bo, un banco de solidariedade xestionado polos voluntarios e voluntarias de Oleiros co apoio dos Servizos Sociais municipais.

Para o desenvolvemento das campañas de captación de produtos estableceranse unha serie de entidades colaboradoras que, a modo de puntos de recollida e de divulgación de cada unha das campañas, permitirán unha maior difusión e uns mellores resultados. Estas entidades colaboradoras tamén servirán para difundir e estender por toda a sociedade uns valores de participación, activismo e solidariedade.

Centros educativos, casas do pobo, entidades e equipamentos deportivos, asociacións culturais e veciñais... son lugares que servirán de puntos colaboradores nestas campañas que desenvolva o Banco Solidario.

A actividade do Banco Solidario comezou desenvolvendo o pasado mes dúas campañas en distintas entidades colaboradoras: recollida de xoguetes (só xoguetes novos) nas piscinas municipais e recollida de alimentos e produtos de hixiene e limpeza nos centros educativos (escolas infantís, colexios e institutos) e nas casas do pobo.

Estas campañas complementaron as actuacións que se levan a cabo desde outros programas municipais, así como os realizados por outras entidades sociais do Concello, co fin de evitar duplicidades no reparto.

Desde o Concello de Oleiros quérese agradecer a participación das entidades colaboradoras e as achegas das veciñas e dos veciños de Oleiros, exemplo de solidariedade e compromiso sempre que hai unha campaña destas características.



## O Concello organiza un obradoiro para pais e nais de escolares de primaria e secundaria ▼

◆ O Concello de Oleiros organiza unha serie de obradoiros para pais e nais de escolares de primaria e secundaria. Estes obradoiros constarán de cinco sesións de dúas horas de duración cada unha delas, durante o primeiro martes de cada mes no Centro Municipal de Formación en horario de 19:30 a 21:30 horas. O obradoiro de primaria impartirase os días 8 de xaneiro, 5 de febreiro, 5 de marzo, 2 de abril e 7 de maio, mentres que o de secundaria será o 10 de xaneiro, o 14 de febreiro, o 14 de marzo, o 11 de abril e o 9 de maio.

As persoas interesadas poderán preinscribirse no Centro de Información Xuvenil na Fábrica, ou ben por correo electrónico [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org). O obradoiro é gratuíto. Como acto final dos cursos o día 23 de maio terá lugar ás 20:00 horas no auditorio da Fábrica unha mesa redonda.

# TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recordamos que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

## Unha burla para todos os galegos

Hai unhas semanas morreu unha percebeira logo de loitar corenta minutos por manterse a flote e dez minutos antes de que chegara un dos dous helicópteros con que cubrir as chamadas de socorro no país con máis kilómetros de litoral e marisqueo a mar aberto do Estado. A Administración di que non hai diñeiro para cubrir tódolos turnos. Nementres, os helicópteros que preservan a seguridade -íntima- dos prebostes están dispostos as vinte e catro horas. É unha burla para tódolos galegos de ben que despois de sufrir as catástrofes do Casón, o Erkowitz, Urquiola, Mar Exeo, Prestige teñamos que perder á nosa xente por non cubrir un turno. Unha vergoña para un país que perdeu miles de postos de traballo na sementeira das rías polo proceso colonizador permitido pola clase política ao favorecer o establecemento das industrias máis contaminantes a carón dos bancos marisqueiros. Isto non se arranxa poñendo "negra sombra" nas radio estatais porque o destiño desta señora non era morrer prematuramente. Abondaba con que os que van a celebrar o Nadal na Corte comendo nos percebes que ela andaba a apañar responderán á obriga de distinguir entre o fundamental e o accesorio.

Lamentablemente en Oleiros temos vivido experiencias ben traumáticas. Non hai motos anos Lorbé tinxiase de luto pola perda de varios fillos da vila faenando á beira da costa e hai agora un ano, novamente, tiñamola desgraza de perder a Cané. O nosa costa é fermosa. No seu debuxo ten traballado un mar de natureza salvaxe e brava que agocha recursos para alimentar a milleiros de postos de traballo, directos e indirectos, na pesca pero tamén na industria conserveira, na distribución, nos portos, na Restauración, no Turismo,... Postos de traballo máis necesarios que nunca e que descansan sobre a capacidade de sacrificio dos homes e das mulleres do mar e cuia contribución inxente á riqueza do país, cuas vidas, non poden xa quedar subordinadas a decisións administrativas nada acordes co desenvolvemento tecnolóxico que xa permite situarse no lugar dos accidentes de maneira inmediata. ¡Nin un morto máis pola demora en atender a chamada de auxilio!

**AA. VV San Cosme Maianca**

## Wert y la educación

El ministro de Educación, José Ignacio Wert, se viene revelando como uno de los miembros más controvertidos del gabinete de Mariano Rajoy. Protagonista de episodios como su apuesta por "españolizar" al alumnado catalán, Wert llena de nuevo los periódicos con su reforma educativa, la ley con la que propone, entre otros aspectos, reducir las lenguas cooficiales a un papel residual en la enseñanza u obligar a las autonomías bilingües a pagarles colegios privados a las familias que rechacen que sus hijos e hijas estudien en un idioma diferente al español. Parte de estos planes no son nuevos en el pensamiento del ministro. Es lo que cabe deducir de una conferencia que impartió en 2010 en la Fundación FAES, entonces como máximo dirigente de la consultoría Inspire.

Bajo el título *La sociedad española ante la agenda de reformas* Wert desgranó, invitado por la organización que preside José María Aznar, algunos de los cambios que él consideraba más urgentes en la legislación del Estado, entre los

que destacaba la educación, ámbito en el que los cambios, decía, no debían comenzar por una mejor gestión de los recursos públicos sino, "antes que cualquier cosa", por los "valores". Wert atribuía los defectos del sistema educativo público a un "fracaso político" por las leyes vigentes, pero también por lo que él considera una "deriva democrática equivocada, que ha erosionado las bases del sistema y ha pervertido su funcionamiento". En este sentido, el actual ministro no dudaba en afirmar que en las aulas existía ya entonces un "concepto abusivo e invasivo de comunidad escolar", basada en la "idea del cogobierno" por parte de "padres, alumnos, docentes y no docentes". "La comunidad educativa no puede ser una comunidad democrática, porque el proceso educativo no es democrático", zanjaba. Dos años después, ya desde el Ministerio, apuesta por sufragar o no centros privados en función de las preferencias lingüísticas de determinados padres y madres. Para Wert ese exceso de democracia había derivado en un "deterioro primero de la autoridad, después de los estándares de exigencia y, finalmente, de los valores nucleares del proceso educativo", como "esfuerzo, mérito, reconocimiento" o "excelencia". "La crisis -añadía- sirvió para poner de manifiesto las verdaderas consecuencias prácticas del fracaso educativo" y, por eso, instaba a los suyos a aplicarse la máxima del político estadounidense Rahm Emmanuel: "No podemos dejar escapar una crisis tan buena".

"Hay un claro reflujo de las aspiraciones participativas en el beneficio de la restitución de la autoridad y de la exigencia", aseguraba. Ahora, en el Gobierno, apuesta, por ejemplo, por reducir el papel de los consejos escolares e incrementar el poder de las direcciones de los centros. Wert tampoco olvidaba en su ponencia otra de sus grandes obsesiones como ministro: las autonomías. Igual que consideraba excesiva la democracia existente en los colegios e institutos, describía también los "evidentes excesos en la descentralización del sistema educativo", que, afirmaba, "ya ha producido un impulso social hacia una recuperación del papel del Estado". "Hay más gente a favor de que el sistema educativo sea gestionado desde el Estado que favorables a su gestión autonómica", aseguraba.

**S.C.F. (Mera)**

## O conto de nunca acabar

Dende a parroquia de Nós queremos dar a coñecer ao resto do Concello a situación de desidia que nos invade ante o abandono ao que nos teñen sometidas as administracións tanto autonómica, Xunta de Galicia, como estatal, Goberno de España. Nós é a terceira parroquia en número de habitantes do Concello a pesares de non ter ningún núcleo urbano con alta densidade demográfica como pode ser Santa Cruz, Santa Cristina ou Mera.

Hai xa 3 anos comezaron coa 2ª fase das obras da N-VI ao seu paso pola parroquia. Neste tempo foise adaptando a circulación de vehículos ás circunstancias das obras, con máis ou menos acerto, deixando en segundo plano á poboación que residía nas marxes da estrada. Os accesos ás rúas están mal sinalizados ou son casi imposibles, así como as entradas ás vivendas. Pero o aspecto máis preocupante en canto á Seguridade Viaria estase producindo pola falta de zonas destinadas á circulación de peóns. Antes do comezo das obras existía una senda peonil bastante transitada; a día de hoxe as veciñas e

veciños camiñan sorteando rexistros de sumidoiros sen tapas, maquinaria de obras traballando, pozas nas cunetas o unas entradas das vivendas, asfalto recen botado... Os nenos e nenas do Mesón da Auga asumen obrigados este risco todos os días para poder ir á escola en autobús, algo inconcebible no ano 2012. A situación de provisionalidade das obras vaixe eternizando; hoxe traballan aquí, mañá alá, sen rematar en ningún sitio. Propoñemos a longo prazo a adecuación dunha senda polo río que transcorra paralela a esta vía e favoreza a mobilidade das persoas dada a deshumanización da N-VI coa reforma. Esiximos ao Ministerio de Fomento tome as medidas necesarias para que se rematen as obras.

Noutra banda está a Xunta de Galicia coa AC 211, estrada que vai do Seixal a Abegondo e atravesa outra zona da localidade. As beirarrúas do núcleo do Seixal datan dos anos 70, nunca máis se actualizaron, son intransitables para persoas con mobilidade reducida ou para levar o carriño de bebé. É labor da Xunta facelas accesibles. Como broche de ouro o Colexio de Nós. Como dicíamos, por poboación e previsión de crecemento precisámolo XA, non queremos que os nosos fillos e fillas continúen acinados na Rabadeira.

**AA.VV Os Rueiros**

## Viviendas en Mesón da Auga

Escribimos estas líneas desde la directiva de la AA.VV. MESÓN DA AUGA, para que conozcáis algo nuestra situación y en las condiciones en las que estamos viviendo. Como sabéis esta urbanización de viviendas de protección autonómica, fue promovida por Xestur Coruña a instancias del INSTITUTO GALLEGO DE VIVIENDA y de la XUNTA DE GALICIA, y tras muchos avatares que duraron años se entregaron las primeras viviendas en mayo del 2008, como veis era primavera, casi verano, cuando llego el primer otoño y las lluvias y el frío, comenzaron a aparecer los primeros defectos constructivos ocultos por el calor del verano y entre los que se encuentran un sin fin de anomalías.

Estas condiciones hacen que la habitabilidad de las casas sea pésima con humedades en invierno dentro de la casa del 80%, hongos, manchas de humedad en paredes, muebles que revientan con la humedad, olores nauseabundos, ropa con piojillo y olor a humedad que hay que tirar, y a lo que hay que añadir un gasto desmesurado de luz y calefacción para mantener la casa algo caliente, aunque hay muchas visitas que dicen que hace mas frio dentro de casa que fuera, además de los consiguientes problemas de salud como pueden ser alergias y catarros.

Os preguntareis como es posible esto, y la respuesta es sencilla, por la dejadez por parte de Xestur y del IGVS (XUNTA DE GALICIA), pues estas deficiencias son achacables al INEXISTEN CONTROL DE OBRA por los encargados de ello y todo permitido por la XUNTA DE GALICIA. Recordamos que estas casas son de promoción autonómica y promovidas por Xestur (empresa pública) y realizadas con los impuestos de todos nosotros.

Queremos dejar claro también una cosa, no aconsejamos a nadie que compre una casa de protección autonómica, cuando el promotor sea alguien perteneciente al organigrama de la Xunta de Galicia, pues es como hablar con una pared a la hora de reclamar.

**AA.VV. Mesón da Auga**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

*Querida lúa*

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	27 xaneiro / 25 febreiro / 27 marzo
<b>Mingua</b>	3 febreiro / 4 marzo / 3 abril
<b>Nova</b>	10 febreiro / 11 marzo / 10 abril
<b>Medra</b>	19 xaneiro / 17 febreiro / 19 marzo

*Transportes*

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

*Horarios Cal Pita*

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña</b> > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña</b> > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña</b> > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña</b> > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña</b> > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña</b> > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña</b> > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN</b> > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN</b> > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**34.988 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 17 de decembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.359
DORNEDA (San Martiño)	3.434
IÑÁS (San Xurxo)	1.218
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.102
MAIANCA (San Cosme)	1.298
NÓS (San Pedro)	4.767
OLEIROS (Santa María)	2.942
PERILLO (Santa Leocadia)	8.276
SERANTES (San Xulián)	1.592
<b>TOTAL</b>	<b>34.988</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

	<b>Datas</b>
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932	Do 11 ao 17 de xaneiro Do 22 ao 28 de marzo
■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165	Do 18 ao 24 de xaneiro Do 29 de marzo ao 4 de abril
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 25 ao 31 de xaneiro Do 5 ao 11 de abril
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 1 ao 7 de febreiro Do 12 ao 18 de abril
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 8 ao 14 de febreiro Do 19 ao 25 de abril
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 15 ao 21 de febreiro Do 26 de abril ao 2 de maio
■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 22 ao 28 de febreiro
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 1 ao 7 de marzo
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 8 ao 14 de marzo
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845	Do 15 ao 21 de marzo

## Aprobada definitivamente a urbanización do campo de golf de Dorneda

● *O inicio das obras está previsto para o segundo trimestre deste ano*



◆ No pleno celebrado o 25 de setembro do ano pasado aprobouse de forma definitiva a urbanización do campo de golf que se construíra na localidade de Dorneda. Para levar a cabo as obras constituíuse a xunta de compensación que agrupa o conxunto de propietarios de solo no ámbito, que en total está formado por unha superficie de 1.161.909 metros cadrados divididos entre 150 persoas propietarias.

A citada xunta de compensación, que foi constituída o pasado 29 de novembro, será a encargada de distribuír as cargas e beneficios entre os propietarios e propietarias, así como a encargada de

realizar o proxecto de obras para o desenvolvemento do campo de golf e da urbanización no seu conxunto. O comezo das obras prevese para o segundo trimestre deste ano.

Como existen algúns veciños e veciñas aos que non lles interesa participar no desenvolvemento desta urbanización e que están dispostos a vender as súas fincas, o Concello de Oleiros conta no seu portal web cun apartado no que quen o desexe poida anunciar a través do seu número de teléfono a venda da súa propiedade e comezar deste modo unha negociación entre particulares.